



Partido Popular  
PARTIDO POPULAR

CONCELLO DE SANTIAGO  
SECRETARIADO PLENO

Data 5/12/16  
05 DIC. 2016

ENTRADA

Hora..... Núm. 356

Co Piñ

## ROGO PARA A MELLORA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA E DA ACCESIBILIDADE NA RÚA MONTERO RÍOS DURANTE A PARALIZACIÓN DAS OBRAS POLO NADAL

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este Nadal cumprese un ano desde que o Goberno local decidira iniciar a baixo ritmo as obras de humanización da rúa Montero Ríos, comezando polo tramo máis próximo á rúa Rosalía de Castro para ir avanzando cara á Praza de Galicia.

Aínda que as previsións iniciais era que a rúa pudera estar operativa na súa integridade polo verán, as obras pasaron por distintas vicisitudes que foron pospoñendo o seu remate. Ante a demora dos traballos e para non interferir na campaña de Nadal do comercio local, o Goberno ten anunciado que se paralizarán os traballos desde os primeiros días do actual mes de decembro ata despois da fin de semana de Reis. Será, pois, algo máis de un mes sen obras, circunstancia que, a falta de dispoñer dunha rúa rematada, debería ser beneficiosa para a actividade comercial e, en xeral, para o conxunto a veciñanza.

Ocorre, sen embargo, que durante os últimos días as condicións de seguridade desta rúa se teñen reducido notablemente en dous aspectos fundamentais: por unha parte, a iluminación do espazo público polas noites é totalmente deficiente, xa que as luminarias permanecen apagadas, probablemente debido a que, como consecuencia das obras, o seu suministro eléctrico cortouse e aínda non foi restablecido e non se incorporou unha iluminación provisional de obra; e, por outra parte, a existencia de múltiples accesos provisionais mediante pasarelas, pranchas e amoreamento de materiais no contorno das obras e as mesmas irregularidades inherentes aos distintos traballos que se veñen executando. A suma destas dúas circunstancias , ofrecen un escenario proclive para posibles caídas e lesións das moitas persoas que por esa rúa transitan.

En consecuencia, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta o seguinte rogo:

*Que canto antes, e dunha forma moi especial durante o tempo que dure a paralización e ata o remate definitivo das obras da rúa de Montero Ríos, se proceda a repoñer por completo a iluminación pública existente e se melloren as condicións de seguridade e de accesibilidade ao longo da zona onde se desenvolven as obras.*

Santiago de Compostela, a 1 de decembro de 2016.

María José Castro Carballal  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela